

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 4 DE OUTUBRO DE 2007.-

Presidente:

Sr. Alcalde-Presidente
D. José Iván Puentes Rivera.

Asistentes:

D. Antón Lois Noceda Carballo.
D^a M^a Carmen Silvar Canosa.
D. Manuel López Rodríguez.
D^a Amalia García Balado.
D. Manuel Angel Rodríguez Carballeira.
D. José Antonio López Rodríguez.
D^a Rita María Couto Seijido
D. Edgar Antonio Vigo López.
D^a Inés Roca Requeijo.
D. Manuel Vicente Pico Sanmartín
D. Manuel Polo Gundín.
D. Gumersindo Pedro Galego Feal.
D^a Rocio Aurora Bértoa Puente.
D. Juan José Franco Casal.
D^a M^a Pilar Fornos Corral.
D. Manuel Sánchez Martínez.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as dez e oito horas e cinco minutos do día catro de outubro de dous mil sete, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. José Iván Puentes Rivera, e coa asistencia dos/as Sres/as Concelleiros/as Don Antón Lois Noceda Carballo, D^a M^a Carmen Silvar Canosa, Don Manuel López Rodríguez, D^a Amalia García Balado, Don Manuel Angel Rodríguez Carballeira, Don José Antonio López Rodríguez, D^a Rita María Couto Seijido, Don Edgar Antonio Vigo López, D^a Inés Roca Requeijo, Don Manuel Vicente Pico Sanmartín, Don Manuel Polo Gundín, Don Gumersindo Pedro Galego Feal, D^a Rocio Aurora Bértoa Puente, Don Juan José Franco Casal, Dona M^a Pilar Fornos Corral e Don Manuel Sánchez Martínez.

Actúa como Secretaria D^a Pilar María Pastor Novo, Secretaria Xeral do Concello, que da fe do acto.

Secretaria:

D^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se da o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na Orde do día da convocatoria.

Seguidamente intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que hai un erro na orde do día da convocatoria, no primeiro punto, que é aprobación da acta da sesión de 2 de Agosto de 2007 xa que debería figurar tamén a aprobación da acta de 6 de setembro de 2007 que si se adxuntou coa convocatoria e que a teñen tódolos/as concelleiros/as á súa disposición pero que non figura no título da orde do día.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS EN DATAS 2 DE AGOSTO DE 2007 E 6 DE SETEMBRO DE 2007.-

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo Sr. Alcalde-Presidente pregúntase se existe algunha obxección ou observación ás actas das sesións celebradas en datas 2 de Agosto de 2007 e 6 de Setembro de 2007, previamente remitidas coa convocatoria.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen ,unha vez concedido, manifesta que na acta da sesión de 2 de Agosto de 2007 na páxina oito, no primeiro parágrafo, onde di "...1 de xaneiro..." debe dicir "...1 de xuño...".

Non producíndose máis intervencións, pola presidencia sométese á votación ordinaria as actas das sesións celebradas en datas 2 de agosto de 2007 e 6 de setembro de 2007, coa corrección sinalada polo Sr. Sánchez Martínez verbo da acta da sesión de data 2 de agosto de 2007, sendo aprobadas por unanimidade.

2º.- INDEMNIZACIÓNS POR GASTOS OCASIONADOS POLO EXERCIZO DO CARGO POR PARTE DOS CARGOS ELECTOS DO CONCELLO.-

Seguidamente dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Promoción Económica e Facenda de data 20 de setembro de 2007 que transcrito di:

"PROPOSTA DE INDEMNIZACIÓNS.-

Seguidamente dáse conta da proposta do Concelleiro Delegado de Servizos de Facenda de data 17 de setembro de 2007 que, transcrita literalmente dí:

"Visto o establecido no artigo 75 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 11/1999 de 21 de abril.

Visto o informe da Intervención Municipal número 308/2007 de data 17 de setembro de 2007, que nas súas conclusións di: "*Fiscalízase favorablemente a proposta para o abono das indemnizacións por gastos ocasionados no exercicio do seu cargo por parte dos cargos electos do Concello*".

PROPONSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

APROBAR A REGULACIÓN DAS INDEMNIZACIÓNS POR GASTOS OCASIONADOS NO EXERCICIO DO SEU CARGO POR PARTE DOS CARGOS ELECTOS DO CONCELLO NOS TERMOS QUE A CONTINUACIÓN SE INDICAN:

1) :Dan dereito a indemnización os gastos ocasionados en comisións de servizo fora do termino municipal do Concello de Fene levadas a cabo por :

- Alcalde presidente
- Concelleiros delegados de area previa autorización por parte do Alcalde..

2) conceptos indemnizables.

Os cargos electos cando realicen algunha das funcións que dan dereito a indemnización, segundo o apartado anterior, serán resarcidos pola contía exacta dos gastos realizados que sexan necesarios para o exercicio das citadas funcións, de acordo ca xustificación documental dos mesmos.

3) Criterios de devengo dos gastos de aloxamento e manutención.

1. Nas comisións cuxa duración sexa igual ou inferior a un día natural, en xeral non se percibirán indemnizacións por gastos de aloxamento nin de manutención salvo cando, tendo a comisión unha duración mínima de cinco horas:

- ésta se inicie antes das catorce horas y remate despois das dezaseis horas,

- esta comece antes das vinte horas e remate despois das vinte e dúas horas.

Neste supostos poderán abonarse os gastos de manutención que se xustifiquen.

2. Nas comisións cuxa duración sexa igual ou inferior a vinte e catro horas, pero comprendan parte de dous días naturais, poderán percibirse indemnizacións por gastos de aloxamento correspondentes a un só día e os gastos de manutención nas mesmas condicións fixadas no seguinte apartado para os días de saída e regreso.

3. Nas comisións cuxa duración sexa superior a vinte e catro horas terase en conta:

a) No día de saída poderanse percibir gastos de aloxamento pero non gastos de manutención, salvo que a hora fixada para iniciar a comisión sexa anterior as catorce horas, poderanse pasar gastos de manutención de comida e cea, reducírase a cea cando dita hora de saída sexa posterior as catorce horas pero anterior as vinte e dúas horas.

b) No día de regreso non se poderán percibir gastos de aloxamento nin de manutención, salvo que a hora fixada para concluír a comisión sexa posterior as catorce horas, en cuxo caso se percibirá, con carácter xeral, unicamente unha única indemnización pola comida. Se a hora fixada para concluír a comisión é posterior ás 22.000 horas percibirá tamén a indemnización pola cea.

c) nos días intermedios entre os de saída e regreso se percibirán dietas de tódolos gastos de manutención ocasionados que estén debidamente xustificadas(almuerzo, comida e cea)

4) Indemnizacións por gastos de viaxe.

Toda comisión de servizo dará dereito a viaxar pola conta do Concello dende o lugar de inicio ata o de destino, e o seu regreso, no medio de transporte que se determine ao autorizar a comisión, procurándose que o desprazamento efectúese por liñas regulares.

Se o autorizar a comisión de servizo non se determinara expresamente o medio de transporte, o comisionado poderá empregar os medios regulares dispoñibles e, no seu caso, cas instrucións impartidas a hora de aprobar a comisión de servizo.

2. Se indemnizaran polo importe do billete ou pasaxe utilizado, o importe xustificado, cos seguintes límites:

a) Avión: clase turista ou clase de contía inferior a prevista para aquela.

b) Trens de alta velocidade: grupo primeiro, clase preferente; segundo e terceiro grupo, clase turista.

c) Trens nocturnos: grupo primeiro, cama preferente; segundo y terceiro grupo, cama turista ou liteiras.

d) Trens convencionais e outros medios de transporte: grupos primeiro e segundo, clase primeira ou preferente; terceiro grupo, clase segunda ou turista.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, nos casos de urxencia cando non houbera billete ou pasaxe da clase que corresponda, ou por motivos de representación ou duración dos viaxes, a autoridade que ordene a comisión poderá autorizar unha clase superior.

Nos casos en que se utilicen para o desprazamento medios gratuítos do Estado non se terá dereito a ser indemnizado por este concepto.

Así mesmo, poderanse indemnizar os gastos de:

1) consignas de equipaxes cando o comisionado vexase obrigado a permanecer «en tránsito» nalgunha cidade ou no propio aeroporto ou estación.

2) taxis ou vehículos de aluguer con ou sen conductor en destino, sempre que se autorice excepcionalmente na orden de comisión

3) billetes de metro tamén serán indemnizables, neste caso non será necesaria a autorización expresa na orde da comisión de servicio.

3. Cando na orden da comisión se autorice a súa utilización, serán así mesmo indemnizables como gastos de viaxe, unha vez xustificadas documentalmente, os gastos de desprazamento en taxi entre as: 1.estacións de ferrocarril, 2.autobuses, 3.portos e aeroportos, 4.así como tamén dende o parking onde se deixe o vehículo propio; e o lugar de destino da comisión ou el lugar da residencia oficial, segundo se trate da ida ou de regreso, respectivamente, así como os correspondentes a xestións ou dilixencias, en dito lugar, especificamente relacionadas co servicio de que se trate e sempre cos medios regulares de transporte resulten claramente inadecuados.

5) Utilización de vehículos particulares e outros medios especiais de transporte.

Cando, así se determine na orden da comisión, poderase utilizar nas comisións de servicio, vehículos particulares.

Téñase en conta que o importe da indemnización a percibir como gasto de viaxe polo uso de vehículo particular na comisión de servicio, queda fixada en 0,19 euros por kilómetro recorrido polo uso de automóviles, conforme o establece o artigo 1 da Orden de EHA/3770/2005, de 1 de decembro, pola que se revisa o importe da indemnización polo uso de vehículo particular establecida no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servicio.

Neste caso tamén resultarán indemnizables, previa xustificación documental, os gastos de peaxe en autopistas.

6) Revisión das indemnizacións.

A contía das indemnizacións derivadas do uso do vehículo particular será aplicable a norma estatal que leve a cabo a actualización do importe das mesmas.

7) Outros gastos.

Así mesmo tamén serán considerados como gastos indemnizables por parte da Corporación os cargos electos os ocasionados con motivo da matrícula, inscrición, etc en cursos , seminarios, conferencias, etc.

8) procedemento para levar a cabo a comisión e a súa indemnización.

Será preciso solicitar a autorización ao Alcalde do Concello quen a través de providencia determinara a data, o lugar de destino, a hora estimada de comezo e fin da comisión de servicio, o medio de transporte que se autoriza a utilizar, etc e demais extremos precisos conforme os artigos anteriores.

Logo de celebrada a comisión os cargos electos deberán presentar con carácter previo ao abono da mesma a conta xustificativa , cas facturas ou documentos substitutivos correspondentes xustificativas do gasto realizado. Respecto a conta xustificativa deben coincidir os conceptos xustificadas ca orde de comisión de servicio emitida polo Alcalde.

Unha vez fiscalizado o expediente pola intervención municipal, farase efectivo o abono da indemnización a través de transferencia ao interesado o final do mes no que se produciu o correspondente gasto.

Posibilitase, en casos debidamente xustificadas no expediente, que o abono das indemnizacións teña carácter de a xustificar.”

Non producíndose debate e sometido o asunto pola Presidencia en votación ordinaria, a Comisión Informativa de Promoción Económica e Facenda acorda por unanimidade dictaminar favorablemente a proposta anteriormente transcrita e propoñer ao Pleno da Corporación a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que este tipo de dietas ou indemnizacións foi xa sometida a aprobación na comisión informativa correspondente e por tanto o que se trae á consideración do pleno é a aprobación dese ditame da comisión informativa e que, como xa se dixo por parte do grupo de goberno na propia comisión, a proposta que fai o goberno para os vindeiros catro anos consiste nun pago de quilometraxe que se conxela a 0,19 céntimos quilómetro que é como está agora ,e con respecto aos demais gastos de comidas e viaxes introdúcese unha pequena modificación do que se viña aplicando ata agora, que cada concelleiro/a dispoñía en función do número de horas que votase fóra do Concello e dos quilómetros a percorrer, dunha cantidade de diñeiro para os gastos xerados nesa viaxe en representación do Concello e que o que se fai nesta nova proposta é substituír iso por un método que consideran algo mais axeitado, que é simplemente xustificar todo aquilo do que se presenten facturas e recibos, en lugar dunha cantidade fixa como estaba antes, é dicir, pagar simplemente aquilo do que se presenten xustificante de gastos.

Rematadas as intervencións, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese o dictame a votación ordinaria, resultando aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Promoción Económica e Facenda de data 20 de Setembro de 2007 anteriormente transcrito.

3º.- MOCIÓN RELATIVA Á PLANTA DE GAS DENTRO DA RÍA DE FERROL.-

A continuación, polo Sr. Alcalde-Presidente dáse lectura ao dictame da Comisión Informativa de Organización e Seguridade adoptado en sesión de data 24 de setembro de 2007 que transcrito literalmente di:

“2º.- MOCIÓN DE ESQUERDA UNIDA-IZQUIERDA UNIDA RELATIVA Á PLANTA DE GAS DENTRO DA RÍA DE FERROL.

De seguido dase conta da moción relativa ao asunto epigrafiado de data 8 de setembro de 2007 (entrada 18.09.2007, número de rexistro 7835), que transcrita dí:

“O Grupo Municipal de **Esquerda Unida-Izquierda Unida** do Concello de Fene, ó abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate no vindeiro Pleno a seguinte Moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os últimos meses distintos colectivos da Comarca de Ferrolterra veñen amosando as consecuencias do conflito provocado pola localización dunha Planta de Gas dentro da Ría de Ferrol. Os viciños e viciñas de Mugardos pechados no Concello desde o pasado 23 de Xullo, porque ven ameazadas as súas vivendas; os mariscadores/as que ven ameazados os seus postos de traballo co impacto ambiental negativo da tecnoloxía de vaporización por auga mariña que utiliza REGANOSA, e a paralización da actividade marisqueira cando entra ou sae un gaseiro. Ademáis, está a denuncia en varios frentes (xudicial, institucional, asociativo,...) que parte da cidadanía desta comarca, co Comité Cidadá de Emerxencia ao

frente, que se ven desenvolvendo desde o ano 2000. Todo isto por estar no convencemento de que, REGANOSA é unha ameaza para a vida de 100.000 persoas, é tamén ameaza a riqueza marisqueira da Ría de Ferrol.

Estas actuacións veñen sendo apoiadas por gran cantidade de persoas de Ferrolterra, de Galicia e do Estado que comprobamos tristemente como os intereses económicos dun grupo empresarial privado priman sobre as leis a costa de ameazar a vida humana, a riqueza natural, turística e patrimonial da Ría de Ferrol. O Concello-Pleno de Fene ten amosado xa a súa posición de que a Planta de Gas se ubique no lugar previsto desde o ano 1.994 no Porto Exterior de Cabo Prioriño, segundo as alegacións aprobadas na sesión extraordinaria da Corporación Municipal de Fene do 28 de Xuño de 2001, presentada na Subdelegación do goberno de A Coruña, na información pública segundo o anuncio do BOP nº 108 de 5 de Maio de 2001.

REGANOSA, non ten todo-os permisos, carece da licencia de funcionamento definitivo ou acta de explotación comercial que ten obrigación de solicitar segundo do artigo 85 do Real Decreto 1434/2002 de 27 de Decembro, e que non pode recibir porque sua autorización de construción de 2.004 ten condicionados imposibles de resolver coa localización dentro da Ría de Ferrol, entre eles: **as distancias a poboación** que require o Artigo 12 do Real Decreto 1254/99 ou Directiva Seveso II, segundo testemuña o informe de 22 de Xaneiro de 2004 da Dirección Xeral de Urbanismo, así mesmo a saída do mar dos gaseiros en caso de emerxencia, segundo require a norma EN-1532 de obrigada aplicación tal e como testemuña outro condicionado da Autoridade Portuaria de Ferrol nos seus informes de Outubro de 2001 e Xaneiro de 2004.

Por todo iso o Grupo Municipal de EU-IU, solicita aprobación polo Pleno do seguinte:

1º) O Pleno do Concello de Fene amosa a súa solidariedade cos veciños da Plataforma Mehá pechados na Casa do Concello de Mugardos na defensa das súas reivindicacións, e tamén cos mariscadores na defensa dos seus postos de traballo e da riqueza marisqueira da Ría de Ferrol.

2º) O Pleno se adhire a manifestación convocada por diferentes colectivos civicos a celebrar en Ferrol o vindeiro 30 de Setembro, co fin de recabar ó Goberno Central que ten competencias para decidir, que non sexa aprobada o acta de funcionamento definitivo de REGANOSA en base a eses condicionados non resoltos.”

Aberto o debate (.../.....)

Rematado o debate, é sometido pola Presidencia o asunto a votación ordinaria, a Comisión Informativa de Organización e Seguridade, con seis (6) votos a favor (dos Sres./as Antón Noceda Carballo, M^a Carmen Silvar Canosa, Manuel A. Rodríguez Carballeira, Amalia García Balado, Manuel López Rodríguez e Manuel Sánchez Martínez), dous (2) votos en contra (dos Sres./as Gumersindo Pedro Galego Feal e Rocío Aurora Bertoa Puente), e tres (3) abstencións dos Sres./as Inés Roca Requeijo, Manuel Vicente Pico Sanmartín e Edgar Antonio Vigo López), acorda ditaminar favorablemente a moción anteriormente transcrita e propoñer ao Pleno da Corporación a súa aprobación”.

Aberto o debate, pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen ,unha vez concedido, manifesta que lida a moción polo Sr. Alcalde quere facer algunhas consideracións sobre ela, que en canto ao segundo punto no que se pide que o pleno se adhire á manifestación, ésta xa se celebrou, que saíu bastante ben, que habería unhas cinco mil persoas, e que tivo gran incidencia nos medios de comunicación ,tanto a nivel de Galicia como estatal, e é unha cousa

importante porque até agora a información estivo un pouco secuestrada. Continúa o Sr. Sánchez Martínez dicindo que quere facer sete ou oito recordatorios que son esa loita na que se leva case oito anos e hai que lembrar que se fixo sempre no máis estricto respecto á legalidade, que se inicia en 1999 e xa empeza a oposición, se celebran mobilizacións, hai bastantes denuncias xudiciais que están dando a razón aos que opinan que a planta debe estar fóra da ría de Ferrol, que houbo denuncias na comisión europea e as actuacións seguen vivas cos encerros de veciños e veciñas de Mugaros que xa levan máis de oitenta días; di que cando hai xente que di que había que empezar antes, isto non se sostén, e isto vai ligado ao que dicía anteriormente, que os medios de comunicación controlados polos grandes grupos económicos, lembrar que está Reganosa, Caixa Galicia, Caixanova, Banco Pastor, Endesa, Unión Fenosa, a mesma Xunta coa parte correspondente que tiña, e son atrancos que conseguiron ata este momento crear esa serie de incerteza. Continúa dicindo que outra cousa na que hai que incidir é que a instalación da planta dentro da ría en vez de crear postos de traballo, vai destruír máis do que vai crear, porque hai un perigo de que seiscentos postos de traballo de mariscadores e mariscadoras que viven diso poden quedar sen traballo; que Reganosa empezou cun engano de que se ían crear mil postos de traballo e a situación neste momento é que son sesenta e un, e din que estes postos de traballo están en perigo ou poden desaparecer porque se verten á ría de Ferrol diariamente seiscentas mil toneladas de auga esterilizada van poñer en perigo a riqueza marisqueira, e isto si se une ao traballo que está planificado, que esperan que dentro de dous anos as dúas depuradoras da ría de Ferrol estén funcionando, de pouco vai servir que por unha parte se esté depurando e saneando a ría se unha empresa como esta, está contaminando e acabando con todo o que hai. Di que tamén hai outro tema ao que hai que facer referencia, que é o perigo de accidente ou un atentado terrorista que nun caso destes, espera que non ocorra, podería poñer en perigo a vida de cen mil persoas; que recentemente ven que os accidentes estanse marchando de control e estas son cousas imprevistas que se poden producir en calquera momento, baste lembrara o accidente recente das gasolineras de Sao Paulo en Brasil ou a central nuclear de Xapón, e estas cousas o que poñen en evidencia é a inutilidade dos planes de emerxencia e de seguridade de medidas que se crean cando estas instalacións non están á distancia que teñen que estar da poboación civil, ademais do perigo e das mortes, todas as cousas que trae detrás. Di que están a dicir que a Xunta aprobou un plan de emerxencia para Reganosa, si se di así será un plan para Reganosa e para xustificar unha actuación, o que este plan o que non é un plan que sexa de emerxencia para a cidadanía porque non evita nin vai evitar os riscos en caso de que algunha destas cousas se producira debido á pouca distancia que hai da planta aos núcleos de poboación e que basta lembrar a distancia de dous quilómetros que establecen tanto a normativa europea como o goberno español. Continúa o Dr. Sánchez Martínez dicindo que a isto pódese unir que a grande maioría da poboación pide que a planta de gas esté fóra da ría, e que se se remonta a mil novecentos noventa e catro, xa existía ou estaba previsto un sitio específico no porto exterior, e aquí si é verdade que se cumpren tódolos requisitos que a normativa europea esixe sobre a distancia e sobre que os gaseiros en caso de emerxencia poidan saír a mar aberto no menor tempo posible; di que tamén quere facer referencia a que o Concello de Fene, nun pleno extraordinario de 28 de xuño de 2001 aprobou e apoiou que a planta se construíse no porto exterior e que para pechar manifesta que quere facer un recordatorio aos que din que isto se debía ter feito antes e non agora; que mentres existan reivindicacións haberá que loitar ata o final porque se neste país a cantidade de homes e mulleres que loitaron para que hoxe exista unha democracia, se non o tiveran feito estarían desgraciadamente co réxime anterior ou con algo parecido, e nisto pasaría unha cousa parecida, e lembrar a todo o mundo que nisto levase loitando contra a ubicación da planta en Mugaros desde o inicio de 1999, que xa van oito anos, que a guerra non está perdida e que hai que loitar ata o final porque hai condicionantes que non se cumpren, como a distancia ou a saída dos gaseiros ao mar, e que a licenza da planta aínda non está concedida, que está funcionando coa licenza provisional incumprindo determinadas cousas, que tamén hai varios recursos interpostos que lles dan a

razón, e que polo tanto e, como resumo disto dicir unha vez máis que a loita e a oposición existiu e mantense desde hai máis de oito anos, que eles, desde EU, esperan que cada un como cidadá, como veciño, como membro de calquera partido político ou calquera organización social cumpran co seu deber, que o resultado final non o poden prever, pero non hai dúbida de que pola loita se avanza e conseguiranse cousas que agora non hai e que o resultado que se produza, EU ten a conciencia tranquila de loitar ata o final, que non serven desculpas e como dicía antes, que cada cal cumpra co seu deber.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen unha vez concedido manifesta que van votar en contra da moción, que así o fixeron constar na comisión informativa e que desde logo a eles non lles sorprende que EU presente esta moción, sorpréndelle máis a postura dun grupo político como pode ser o Partido Socialista respecto dela, porque ao fin e ao cabo, como xa dicían na comisión informativa, eles tampouco están conformes coa ubicación da planta, é dicir, recoñecen que o seu lugar estaría moito mellor no porto exterior pero tamén non teñen que deixar de recoñecer que para que iso esté hoxe aí, houbo que pasar unha serie de íteres administrativos, solicitando permisos e autorizacións en todo tipo de administracións públicas, gobernadas por uns e por outros, e que por tanto cre que se desde un principio, ao mellor, se mostrara a oposición que se ven mostrando e facendo, os actos que se veñen facendo nestes momentos se fixeran no momento da concesión dos permisos ou simplemente cando o proxecto da planta de gas era unha simple idea, quizáis, ao mellor, hoxe tampouco terían que estar discutindo isto.

(Auséntase do salón de sesións o Sr. Noceda Carballo)

Continúa o Sr. Galego Feal a súa intervención dicindo que partindo desa premisa, unha vez que a planta de Reganosa obtivo tódalas autorizacións administrativas que lle permitiron chegar a construción ata onde chegou, eles aquí cren que no Concello de Fene pouco teñen que opinar ao respecto, e se comentaba efectivamente se iso estaba aí pois era gracias á axuda que brindou o Partido Popular na Xunta ao Sr. Toxeiro e tódalas empresas que forman hoxe Reganosa, e tamén nesa comisión informativa recordaba que do que el saiba, Mugardos nunca xamais estivo gobernado polo Partido Popular, máis ben ao contrario, e quen deu os permisos e as licenzas de obras foi o Concello de Mugardos, e quen se ingresou os cartos desas licenzas de obras, por suposto para beneficio do Concello e de todos os veciños que forman o Concello, foi o Concello de Mugardos; que o que ven agora nestes plantexamentos é unha certa incoherencia que ven desde o momento en que representantes tan cualificados do Partido Socialista como pode ser o Presidente da Xunta non só apoian a planta de gas, senón que ao mesmo tempo están xa pensando nunha ampliación con dous tanques máis desa planta de gas e coa lóxica que nese sentido eles lle recoñeceron ao concelleiro de industria do BNG Sr. Fernando Blanco que ven recoñecendo tamén que é unha peza fundamental para o desenvolvemento hoxe en día de Galicia, cren que mocións como esta non deben de saír adiante neste preciso momento.

(Incorpórase ao salón de sesións o Sr. Noceda Carballo)

Continúa o Sr. Galego Feal dicindo que quere matizar unha serie de cuestións que plantexaba o voceiro de EU; que cren que ata agora a maioría dos pleitos que se plantexaron contra Reganosa, segundo oídas, da innumerable cantidade de contenciosos e denuncias que van interpostas, ata agora so se gañou un asunto por un tema medioambiental; que todo iso lle soa un pouco ao tema das nucleares, que ninguén deixa de recoñecer que iso supón un perigo, como supón un perigo evidente a nuclear, como a central de Endesa ou o embalse do Eume, e que calquera desas instalacións, sexa Reganosa, o embalse do Eume ou a central nuclear poden sufrir un atentado, por suposto que si, son conscientes diso, pero ao mellor son riscos que implica a vida mesma, claro que hoxe sen enerxía non se pode funcionar e, precisamente diso se trata; di que verbo doutro dos puntos a que facía referencia, de que non hai unha saída directa ao mar na que os gaseiros poidan

saír a toda máquina pola ría, tampouco é experto en tema de barcos pero pensa que un barco do porte que é un gaseiro sae moito antes da ría a remolque que por propia máquina pero que non quere facer afirmacións rotundas porque non é experto neses temas; en canto aos vertidos contaminantes que se di que estanse a facer, di que o ignora, que se efectivamente se fan, nin máis nin menos que con todo o peso da lei contra a empresa; que o que din os informes periciais é que a auga que verte a planta, cre que é para licuar gas, que pode entrar na ría a dous ou tres grados menos do que é recollida e que entón iso vai producir un enfriamento xeral do que é a masa de auga da ría e que por tanto vaise prexudicar a cría do marisco, dos moluscos e dos bivalvos; que ese é un informe pericial que pode estar aí, pero como tal informe pericial cre que haberá outros dous, catro, seis ou dez que o van contradicir, porque nos informes periciais é moi difícil atopar a unanimidade, por tanto ese vai ser o seu voto que vai ser en contra de que saia esta moción porque parece ser que falta a acta de funcionamento definitivo que é á que se fai referencia na moción, e quen ten que aprobar agora esa acta de funcionamento definitivo en favor de Reganosa é o Partido Socialista que é o que está no Goberno Central, co cal cren que a postura que se manifesta neste pleno non vai acorde co que estase a manifestar nas altas instancias dese partido; di que tamén quere facer referencia a un punto xa máis ben anecdótico que xa o trataron na comisión xa que cre que a porta do Concello non debe servir para recoller consignas de determinado tipo de plataformas nin da planta de gas, nin de nunca máis, nin de ningunha outra, simplemente porque cre que debe ser unha porta aséptica totalmente e informativa no seu caso.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen unha vez concedido manifesta que non van repetir o debate que se deu na comisión informativa , porque xa deron os argumentos que consideraban necesarios para xustificar a abstención do grupo municipal do BNG neste tema; que para eles é un debate que está longamente dado, suficientemente dado en moitos aspectos como se dicía antes; que saltou ou superou a planta de gas de Mugaros infinidade de recursos e procedementos administrativos e ten que dicir aquí que a única forza política que presentou unha alegación foi o BNG no seu momento, no ano dous mil un e que neste momento a postura do seu grupo vai ser a abstención, entre outras cousas, porque a manifestación xa ten pasado e consideran que neste momento o que hai que esixir son as máximas medidas de cumprimento ,tanto para o inicio das actividades de explotación desta empresa, como a nivel de seguridade; que os requisitos teñen que ser os máximos, e que a partir de aí efectivamente pódese abrir outro debate que é o que se falaba da ampliación xa que o propio Ministro de Industria comentou que había que duplicar a produción desta planta de gas.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Rodríguez Carballeira quen, unha vez concedido, manifesta que coincide co contido da moción presentada por EU e que en todo caso o que lle alarma é o bloqueo informativo e que hoxe haxa persoas, non sabe se por ignorancia ou por mala fe, que seguen a insistir nunha serie de mentiras propagadas polos cómplices do que eles consideran como maior escándalo de corrupción política e económica que está a suceder no sistema democrático español, e que váise referir que, máis alá dos pequenos cómplices que estes teñan por diferentes sitios ,a base de toda esta corruptela, xurde dun convenio asinado entre o Sr. Fraga e o Sr. Tojeiro no ano mil novecentos noventa e nove, asinado no ano dous mil, con cláusulas de confidencialidade que saíron á luz pública moi recentemente, que nestes momentos están nas mans do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Di que intentar desvirtuar un debate destas características, negar que unha planta de trescentos mil metros cúbicos de gas, que son igual a cento cincuenta mil toneladas de gas ou doce millóns de bombonas xuntas, ao lado dun complexo petroquímico, a cen metros das casas, que non hai ningún exemplo no mundo desta natureza, e do que significa a entrada de gaseiros nunha ría pechada como é a de Ferrol ,calquera persoa independentemente da súa posición política, escandalizaríase ante tamaña barbaridade que se poida perpetrar nun

estado democrático como o español en pleno século vinteún. Di que cre que o Partido Popular segue instalado nesa serie de mentiras e alá eles se iso lles serve para autoxustificarse , pero que non se está a falar dunha mera irregularidade, senón dunha instalación que pon en perigo a vida de miles de persoas na ría de Ferrol e lembra que na década dos noventa tres grandes barcos se foron dentro da ría de Ferrol, un en Santa Lucía, outro contra a ponte das Pías e outro posterior contra a entrada, descargados; que nunca esta comarca puxo en tela de xuízo, e ademais había un consenso político de que a planta se instalara onde se tiña que instalar que era no porto exterior, porque non hai lei ningunha que poida evitar un fallo humano, un fallo técnico ou un atentado terrorista, que a única posibilidade realmente é que se ubique afastada dos núcleos de poboación, esa é a única seguridade, que a poboación civil quede resgardada dun posible accidente, que non sería a primeira vez, que na experiencia e nas diferentes plantas de gas que hai no mundo suceden moitos casos e volver a repetir a historia sería estúpido e cre que teñen a obriga como Concello, e que segundo o argumento do voceiro de EU, todo o proceso de tramitación de Reganosa foi un engano, que isto non so é un tema de seguridade, é un tema do defensa do estado de dereito, que Reganosa ten once contenciosos presentados, que hai dúas sentencias do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do ano 2004 e 2006 que anulan todo o procedemento medioambiental de Reganosa, o anulan pola base, e que o que deberían facer os promotores é adoptar unha posición cautelara, pero o que fixeron foi acelerar as obras coa connivencia e co apoio da Xunta de Galicia do Sr. Fraga e compañía; que quere dicir que nestes momentos está presentada ante a Fiscalía e denunciado este convenio, como se vai denunciar diante da Comisión Europea; que como todo mundo sabe o Sr. Orza, Conselleiro de Economía durante moitos anos do Sr. Fraga e muñidor deste convenio era parte e socio activo das diferentes empresas que constitúen a base de Reganosa . Di que non se pode esquecer nunca que o que está aquí é o risco e o perigo para a vida de miles de cidadáns; que nestes momentos Reganosa e a planta de gas é unha ameaza real, que ata agora era un proxecto, pero agora é unha ameaza real porque xa ten inxectado gas despois da entrada ilegal de sete gaseiros, en probas; que Reganosa ten unha licenza de construción desde febreiro de 2004, licencia que ten varios condicionantes, dos cales dous fundamentais que son as distancias mínimas que ten que cumprimentar e a saída de emerxencia dos gaseiros, imposible dentro da ría de Ferrol. Continúa dicindo que comparten a idea da moción e que se esixa á administración correspondente o cumprimento da legalidade, que se verifiquen os condicionados da licenza e que , se non se cumpren, non piden outra cousa, que se cumpra a legalidade; que o Sr. Tojeiro e os demais non son máis que ninguén neste país nin poden selo, que teñen que acatar a lei como todo o mundo, e que se non cumpre non se lle pode dar licenza de funcionamento; que son unhas instalacións para utilizar seiscentas mil toneladas diarias e cre que non fai falla ser ningún experto, ni ningún ignorante como di o voceiro do PP para saber que seiscentas mil toneladas de auga totalmente esterilizadas van matar unha parte da fauna e non fai falta ser experto; que se Galicia necesita unha plataforma gasística hai tempo e espazo suficiente, no porto exterior, que hoxe hai tecnoloxía e que despois do atentado das torres xemelgas hai tecnoloxía offshore para poñer estas plantas precisamente por elementos de seguridade e tamén daría traballo aos nosos estaleiros porque aquí hai tecnoloxía suficiente para facelo offshore. Continúa a súa intervención o Sr. Rodríguez Carballeira dicindo que tamén hai que desmontar outro mito, que non é certo que a ausencia de Reganosa vaia hipotecar o futuro dos ciclos combinados, que é mentira, que iso estase a vender como punto estratéxico , que estratéxico será o gas pero non Reganosa, que non hai nada mais estratéxico que a vida das persoas, a recuperación da ría e os postos de traballo, e por tanto se se precisa unha plataforma gasística hai o espazo no porto exterior que é onde tense que ubicar e hai tempo dabondo, e que o que eles comparten é que antes de evitar unha traxedia todos os esforzos posibles que se fagan non serán en vano, e é bo facelos e que non pase o que ten sucedido historicamente por mirar para outro lado e permitir auténticas barbaridades ; di que cre que

calquera persoa cun mínimo de sensibilidade democrática máis alá da súa opción política, ten que esixir que evidentemente se cumpran, agás que se manteñan discursos hipócritas.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal, quen unha vez concedido manifesta que se están mesturando moitas cousas; que se efectivamente se fala de corrupción política, de intereses creados, e de moitas cousas máis ata a data non tivo probas, os Tribunais están aí e como din levan oito anos e ata a data non houbo ningunha proba de que existise esa corrupción da que están a falar neste Concello; que si houbo outros casos de corrupción que deben ser coñecidos porque hai sentencias que si condenan a determinados membros do antigo goberno do Partido Socialista por corrupción, e se efectivamente esa corrupción existiu pois adiante, que o estudien, porque eses non son políticos nin por ser do Partido Socialista nin do Partido Popular; que calquera persoa que fai iso, se é verdade, é un delincuente. Continúa o Sr. Galego Feal dicindo que por outro lado tamén cre que esa Sentencia á que se fixo referencia, que anula un procedemento medioambiental, desde o seu punto de vista pensa que é moi salvable porque o que está anulando é o procedemento medioambiental, o que non quere dicir que se poida volver a reproducir. Remata a súa intervención dicindo que quere pechar o tema e dicir que precisamente na comisión o representante do Bloque fixo unha reflexión que lle gustou e que comparte plenamente que é que xa estaba cansado de ver tantas mocións que se aprobaron sobre Astano para ao final pechar, e ao mellor esta é a mesma situación e quen se vai beneficiar será a planta de gas de Gijón que non ten oposición ningunha.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen unha vez concedido manifesta que os medios de comunicación, neste caso de incomunicación, os poderían chamar; que algúns fixeron unha labor grande e que deu resultado e desgraciadamente aos pequenos colectivos e aos veciños e aos mais débiles da poboación conseguen silencialos polo traballo e a loita. Di que a manipulación foi vergoñenta e escandalosa de La Voz de Galicia, que xogou un papel que foi terrible informando e desprestixiando a loita dos veciños, pescadores e todos os partidos, grupos ou colectivos que se opoñían á planta dentro da ría, e que aquel muro de silencio se estendeu por todas partes, controlado polos de sempre, polos que teñen o diñeiro, por unha parte pola Xunta que xogou un papel importantísimo e polas grandes empresas que son os accionistas de Reganosa que están implicados nisto, as dúas Caixas, a Banca e dúas grandes empresas deste país como son Endesa e Unión Fenosa. Continúa dicindo que hoxe afortunadamente a se lles escapou porque as mentiras por moitas veces que se contan nun momento determinado non se pode enganar á xente sempre e en todo momento e aos colectivos pequenos ou ás clases baixas tampouco. Que nisto estívose ocultando a gran cacicada que foi do goberno anterior da Xunta e o actual ; que todos deberían coñecer que Tojeiro cambiou as instalacións de forestal atlántica cun recheo ilegal de máis de sesenta mil metros cadrados acaparando unha parte importantísima da ría de Ferrol, que ese recheo danou gravemente o banco marisqueiro da ría, que creou unha serie de problemas e que a pesar diso o proxecto seguiu adiante ; que cando un se atopa con esta xente, aínda que sexan máis fortes, a súa obriga é ir contra eles, aínda que sexa a Xunta de Galicia como naquel momento estaba e está, aínda que estén as dúas Caixas, o Banco Pastor, Endesa e Unión Fenosa; que eles, tanto EU como os colectivos e veciños que están en contra desta cacicada e animalada téñense que enfrontar a eles e coas armas que teñen, hai que loitar ata onde poden e sen desfalecemento. Que cando o PP di que os actos que se veñen realizando agora se tiveron que realizar anteriormente, ten que dicir que estes actos que estanse a realizar agora lévanse realizando dende hai oito anos e foron sen continuidade, e están aí, outra cousa é que se silenciaron e quen os silenciou; que cando se di tamén que teñen todas as autorizacións administrativas, se as tiveran todas a cousa sería doutra forma; que hai outra cousa que se fala ,que sen enerxía non pode funcionar e di que é certo, pero hai moitas clases de enerxía, pero que hai unha cousa que é o sentido común , que as plantas teñen que estar onde teñen que estar, enerxía si, desenvolvemento tamén

,pero non a calquera prezo; que de pouco serve que se faga unha depuración e limpeza da ría con dúas depuradoras, que se gasten miles de millóns se despois se vertan seiscentas mil toneladas de auga esterilizada que vai contaminar máis .

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Rodríguez Carballeira quen unha vez concedido manifesta que quere aclarar que un xurista como o Sr. Galego, un estudioso do dereito e coñecedor, que infravalore as sentencias do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, parécelle de broma que diga que son sentencias medioambientales; que debe pensar que está na etapa do desenvolvementismo do franquismo, cando a lei medioambiental se pasaba, era opoñerse ao progreso, pois en europa e neste país hai unha serie de directivas medioambientales que hai que ter en conta e por tanto de obrigado cumprimento, e que a base precisamente é que unha planta destas características non pasou a declaración de impacto ambiental, non a ten , único caso neste país; que paralelamente se fixo unha planta de gas no país Vasco, outra en Sagunto e todas teñen a declaración de impacto ambiental. Continúa o Sr. Rodríguez Carballeira a súa intervención dicindo que outro elemento substancial desa sentenza é quen é quen ten que dar a autorización, que non tiña capacidade a Xunta de Galicia para facer a declaración de efectos ambientais, que é un sucedáneo, que non se fai nin para unha gasoleira. Di que cre que o plantexamento da electricidade é un traxe que serviu ao Sr. Fraga e a o Sr. Tojeiro para vender a planta de gas como estratexia para Galicia, é que iso é mentira; que Galicia exporta o trinta por cento da enerxía de Galicia e precisamente os ciclos combinados, a razón de ser que teñen hoxe é porque contaminan menos e hai que facelos cerca de onde hai o consumo de electricidade, e cada cen quilómetros de transporte de electricidade se perde o tres por cento; que Galicia é excedentaria en electricidade e ese é un vestido que se fixo para xustificar unicamente a planta de gas de Reganosa, pero que non está xustificado en termos reais e subxectivos.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen unha vez concedido manifesta que vai facer unha minimísima matización que é o tema da Sentencia; que leva como vintedous anos traballando con sentencias e o único que sabe é que esa Sentencia é do Xulgado Contencioso-administrativo que anula un procedemento administrativo sen máis, e que loxicamente ten que cumprirse pero iso non quere dicir que non se poida iniciar outro procedemento administrativo.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Rodríguez Carballeira quen unha vez concedido manifesta que son sentencias que anulan todo o procedemento, recorridas por Reganosa e pola Xunta de Galicia do Sr. Fraga e que os promotores, co apoio do Sr. Fraga ,non toman unha medida cautelar senón que aceleran as obras .

Intervén o Sr. Galego Feal e di que acelerarán as obras co consentimento do Concello de Mugardos.

Rematado o debate, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese á votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Organización e Seguridade, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: oito (8) ,dos Sres/as Concelleiros/as Puentes Rivera, Noceda Carballo, Silvar Canosa, José Antronio López Rodríguez García Balado, Rodríguez Carballeira, Manuel López Rodríguez e Sánchez Martínez.

Votos en contra: catro (4) dos Sres/as Concelleiros/as Galego Feal, Bertoa Puente, Franco Casal e Fornos Corral.

Abstencións: cinco (5) dos Sres/as Concelleiros/as Couto Seijido, Vigo López, Roca Requeijo, e Pico Sanmartín.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Organización e Seguridade adoptado en sesión de data 24 de Setembro de 2007 que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

4º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.-

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre os números 762 do 3 de Setembro de 2007 e a número 808 do 28 de Outubro de 2007.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Franco Casal quen unha vez concedido manifesta que polo que respecta á resolución da Alcaldía nº 800/2007 fala dun prego de cláusulas administrativas e técnicas que figuran na proposta da tesoureira e que non tiveron acceso a elas polo que prega se lles faciliten, xa que figura no apartado segundo que le textualmente e di: “incoar expediente de contratación por concurso con procedemento aberto do servizo de colaboración na xestión tributaria e recadadora do Concello de Fene, conforme aos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que figuran na proposta da Sra. Tesoureira Municipal, e na súa consecuencia, incorpórense ao expediente os informes de Secretaría e Intervención”. Di que se trata dun prego de cláusulas do que xa se falou en comisión en dúas ocasións e seguen esperando por eles, e queren saber se están feitos porque non teñen acceso aos mesmos.

O Sr. Alcalde intervén e manifesta que esta Resolución da Alcaldía fai referencia a incoar expediente de contratación por concurso, e a partires de aquí faise unha proposta de bases que foi aprobada esta mañá en Xunta de Goberno Local, unhas bases que teñen que rexer como apunta resolución, a contratación do servizo de colaboración na xestión tributaria e recadadora municipal e que a partir de que se aprobe a acta e se de continuidade ao expediente están a disposición de todos os grupos da corporación municipal.

5º.- MOCIÓNS URXENTES.

Non se presentaron.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen ,unha vez concedido, pregunta sobre o tema do Río Cádavo , que se había quedado de falar con Augas de Galicia e quere saber como vai o tema; que outra é un tema que xa ven sendo recorrente neste pleno que é o tema do túnel entre Marqués de Figueroa e a Rúa do Cruceiro, posto que as obras están rematando e non sabe si se fixo algún tipo de xestión tocante a ese tema; en terceiro lugar pregunta polo camiño de Punxeiro que cre está parado e non sabe se é por cuestións de expropiacións ou non; e por último pregunta por qué parece ser que hai problemas de licencias de primeira ocupación para o edificio que está en fronte da sala Perla nova.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. José Antonio López Rodríguez quen unha vez concedido responde que sobre o tema do Río Cádavo, o Enxeñeiro fixo un informe acompañado de fotografías que se mandaron a Augas de Galicia, que xa teñen número de expediente e tramitación de urxencia e están esperando contestación.

Intervén seguidamente o Sr. Alcalde-Presidente e di que en canto ao camiño de Punxeiro está consignado nun dos plans da Deputación dos que se aprobaron no anterior mandato do Concello de Fene, e que deses plans, cando esta semana visitou Fene o Deputado de Vías e

Obras da Deputación ,abordaron as deficiencias que hai, consistentes todas elas en que en varios deles os terreos necesarios para acometer as obras non están a disposición do Concello, ben porque hai que expropiar ou ben porque hai que ceder e non estan as cesións feitas. Di que desde o primeiro día no que tomou o mandato está en contacto coa Deputación da Coruña para salvar esas deficiencias e é posible que nalgún deses casos as deficiencias non se poidan salvar pero teñen o compromiso da Deputación da Coruña para non perder os cartos que ten o Concello; que este pleno poderá, e falarase entre todos os grupos nas vindeiras semanas, substituír algúns camiños que estaban previstos por outros que non teñan problemas de disposición de terreos para executar esas obras, dar servizo, investir en tódalas parroquias de Fene, e que se amplíe a rede de camiños do Concello, pavimentado, auga e alcantarillado e co compromiso claro de que os camiños dos que haxa que prescindir ou porque técnicamente non sexa posible executalos, se miren en sucesivos plans da Deputación; que o de Punxeiro nestes momentos está parado porque está incluído dentro duns deses plans.

Continúa o Sr. Alcalde-Presidente a súa intervención e di que con respecto ao túnel entre Marqués de Figueroa e o Cruceiro, hai solicitada unha reunión do goberno municipal con Renfe en Madrid para falar de dúas cousas, non so do túnel na zona da estación, para ese túnel soterrado que comunique a Rúa Antonia Montero coa rúa da Torre á altura da estación de Perlio para salvar o paso elevado absolutamente impracticable, e un paso elevado á altura do cruceiro en Perlio e comunicalo con Marqués de Figueroa, que están pendentes de que Renfe fixe data e hora para marchar a Madrid e plantexar esta obra; que está pedida a reunión e o proxecto en marcha. Di que en canto as licencias das vivendas de promoción autonómica que estanse a facer fronte á sala perla novo de Perlio, non hai problema, que estase a seguir o trámite ordinario de calquera licenza de primeira ocupación que calquera veciño e veciña solicite no Concello; que esta mañá estivo falando coa oficina técnica do Concello, que está a piques de remata-lo informe que ten que facer o aparelador municipal sobre esa licenza de primeira ocupación, que se lle dixo que estaría rematado entre hoxe e mañá e a partir de aí pasará a Secretaría para que emita o seu informe e logo pasarase para aprobar a licencia.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Bertoa Puente quen unha vez concedido manifesta que é de todos sabido que o Partido Popular non é defensor do modelo de Galescola como gardería pero xa que é a única coa que conta Fene, moi necesaria, tamén son recolledores das queixas dos pais e das nais que estanse a ver afectados por esta non apertura da galescola. Di que en setembro díxose neste pleno que a apertura da Galescola sería a mediados de mes, que están case a mediados de outubro e a galescola segue sen abrir; que se dixo que faltaba o informe dos técnicos, un informe favorable que denegouse por unhas fiestras que estaban mal colocadas, despois polo tema dun bordiño; que eles son coñecedores de que hai xa unha semana houbo unha reunión por parte do persoal que alí traballa xunto cos pais, á que non acudiu un representante do Concello, e gustaríalles saber por qué non houbo ningún representante do Concello e por qué non houbo ningunha resposta a eses pais que están preocupados ,e que se os impedimentos para a galescola son eses dous, cambiar unhas fiestras non cre que sexa tan difícil e se o bordiño está mal, hai que darlles un servizo a eses pais que non poden estar coidando eses nenos e unha solución sería que eses nenos non saíran ao patio, que estiveran dentro, porque a verdade é que están prexudicando a moitos pais .

Acto seguido pide o uso da palabra a Sra. Couto Seijido quen unha vez concedido manifesta que ela tamén escoita as queixas dos pais e nais porque a chaman por teléfono e intenta darlle as explicacións que pensa son oportunas.Di que as obras si realmente se atrasaron, pero a inspección chegou o día 14 e as obras estaban rematadas e había os problemas das fiestras e do bordiño; que precisamente no momento que chegou a inspección os técnicos do

Concello alí presentes recolleron as queixas e os defectos e aínda agora non teñen o informe de inspección dicindo que está mal, pero aínda así empezaron a solucionar o problema; puxéronse en contacto coas persoas de obras e segundo o concelleiro de obras, o persoal que vai amañar as ventás e o bordiño virá mañá venres e o luns ou martes estará solucionado o tema das ventás e do bordiño. Continúa a Sra. Couto Seijido dicindo que non acudiron á reunión da galescola porque falaron coa dirección para pedirles asistir porque eles tamén querían dar unha explicación aos pais e nais por este tema pero a dirección non lles permitiu asistir porque era a nivel educativo, para explicar un pouco o tema do período de adaptación, etc., e o que fixeron como Concello foi enviar unha carta a tódolos pais e nais para dicirlles como fora todo o proceso, que as obras estaban rematadas, que chegou a inspección, que esperaron catorce días practicamente pola inspección e que despois había dous problemas que eles pensaban que incluso eran salvables porque segundo os técnicos as fiestras se podían salvar ata máis adiante para amañalas e o tema do bordiño tamén se podía solucionar e a escola podía abrir, pero eles dixeron que non e mentres non se solucione non dan o permiso para abrir; que puxeron todo nas súas mans para que estes problemas se arranxen e que van a semana que ven os obreiros e esperan que quede todo solucionado; que de todas formas quere dicir que si se lle deu información aos pais por escrito e ela persoalmente falou con varios por teléfono explicándolle como foi todo o procedemento.

(Auséntase do Salón de sesións o Sr. Pico Sanmarín)

Seguidamente pide o uso da palabra a Sra. Bértoa Puente quen, unha vez concedido, pregunta para cando a apertura da Galescola.

A Sra. Couto Seijido manifesta que a apertura será cando dea permiso o Consorcio, que pediu unha reunión urxente co Consorcio galego do Servizos sociais e Benestar.

A Sra. Bertoa pide o uso da palabra e unha vez concedido, manifesta que á reunión á que fixo referencia asistiron representantes do consorcio.

A Sra. Couto Seijido itervén e di que non, que o Consorcio é o Concello e a Xunta e nesa reunión estaban representantes da Xunta de Galicia e a dirección, pero o Consorcio son o Concello e a Xunta e que ela ten pedida unha reunión urxente co Consorcio para tratar todo este tema.

Intervén novamente a Sra. Bertoa e di que cre sinceramente que se están representantes do Consorcio da Xunta, o mais lóxico era que o Concello tamén estivera aí para dar as explicacións.

A Sra. Couto Seijido intervén e di que eles ,como Concello, querían ir a esa reunión para darlle unha explicación aos pais e a xestión a leva o Consorcio aprobada no pleno por tódolos grupos políticos e non pensaron que nese momento tiña que estar o Concello senón que era a nivel de dirección porque era unha reunión simplemente para explicar como era o período de adaptación e como era a nivel educativo o tema da galescola. Di que como Concello non están de acordo e van ter unha reunión urxente coa dirección do Consorcio.

(Incorpórase ao Salón de Sesións o Sr. Pico Sanmartín)

O Sr. Alcalde-Presidente intervén e manifesta que en todo caso o Concello si estivo tanto a través da propia concellería de Igualdade, como da Alcaldía e da concellería de Obras, recibindo pais e poñéndose á súa disposición, que saíu unha carta da concelleira a tódolos pais poñendo o Concello á súa disposición para corrixir todos cantos problemas se lles

puidesen ocasionar e o Concello nestes momentos está estudiando posibles alternativas e posibles solucións coas que axudar aos pais ata o momento da apertura da Galescola, e que como dicía a Concelleira, en todo caso que quede clarísimo que estase facendo todo o posible para que iso esté executado desde xa e a Xunta autorice a abrir a Galescola.

A Sr. Bértoa Puente intervén e di que é normal que estén recibindo aos pais, pero tamén teñen que ter en conta que esa xente leva aos nenos a garderías o 99% porque non ten tempo a estar cos seus fillos, co cal non pode dispor dun momento que ten xa estipulado para esa reunión.

O Sr. Alcalde-Presidente intervén e di que o punto de rogos e preguntas non é un punto de réplicas e contrarréplicas senón de pregunta e resposta pero insiste en corroborar a versión que dicía a concelleira no sentido de que si houbo vontade do Concello en asistir a esa reunión, simplemente que non se considerou oportuna a presenza do Concello e por outros canles se poñen en contacto e a disposición dos pais para trasladarlles todas as explicacións que consideraron oportunas e que son as que podía trasladar o Concello nese momento, que as deficiencias estanse emendando e esperan queden listas na vindeira semana e que se poida abrir canto antes pero non poden dicir unha data cando non son eles os que poñen data senón que é a Xunta de Galicia.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Fornos Carral quen unha vez concedido manifesta que fronte ao bar O Aturuxo hai un focha bastante grande e rogarían se tapara ese focha; que en canto á limpeza das rúas di que é nula, porque, sen ir máis lonxe, onde ela vive que se pintou un edificio, quedou feito un cristo, leva a obra un mes acabada e da vergoña ver a rúa. Continúa a Sra. Fornos Corral e di que xunto a Pan Perlio existen unha escaleiras que ela non sabía que eran do Concello, e que alí hai de todo e rogaría se limpara; que tamén roga se adecten os ríos de lavar, polo menos algúns dos que se seguen usando, como o de Perlio, que aparte de estar todo de pintadas, ao redor hai moita herba, e tamén pregunta si se tomou medida cos voluminosos porque se segue coa mesma.

Acto seguido a Sra. Roca Requeijo pide o uso da palabra e unha vez concedido manifesta que en canto ao tema da focha, en dúas ocasións no mes de setembro estiveron parcheando distintos fochancas por todo o Concello e agora están xuntando outra vez para facer o mesmo e toma nota dese tamén; que en canto ao tema da limpeza das rúas xa saben que están bastante mal pero agora mesmo o Concello non ten persoal suficiente para facer os traballos e están pendentes da contratación de dous peóns pero aínda non se fixeron as probas e esperan canto antes contar con eles; di en relación aos voluminosos que de momento séguese igual, e que se falou de facer unha campaña para concienciar aos veciños de que respecten os días de recollida pero que de momento non adiantan nada. En canto ao dos ríos di que o problema con que se atopan é que contan con moi pouco persoal e as demandas veñen de tódolos sitios e o persoal de servizos agora mesmo non chega para facer eses traballos.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Franco Casal quen unha vez concedido manifesta que na Avda. Naturais, onde estaba o antigo mercado e onde se ía poñer a oficina de turismo, enfrente xusto onde están as sedes do partido Socialista e do BNG, hai unha zona de inseguridade terrible, sen ningunha sinal e circulan coches a grande velocidade, con bastante perigo e o seu rogo é que se sinalice a zona para que poidan ir máis a modo e unha zona de seguridade maior, xusto no acceso á piscina de Fene.

A continuación o Sr. Galego Feal pide o uso da palabra e, unha vez concedido, manifesta que un dos rogos é que este pleno designou ao Alcalde de Dumbría como representante na cámara da propiedade inmobiliaria, que eles votaron en contra dese nomeamento, e

decatouse de que ese señor ten varias denuncias ante urbanismo na Xunta de Galicia e tamén ten abertos dous procedementos xudiciais por infraccións urbanísticas, e que lle parece que foi un pouco como meter o zorro no galiñeiro, e parécelle un pouco forte polo que roga que no sucesivo cando se comprometa o nome de Fene se tomen as cautelas necesarias. Di que tamén quere lembrar que na anterior Corporación se viña denunciando de forma reiterada, a total ausencia de carteis indicativos nas obras, e ve que nas novas vense cumprindo pero nas que había antes están igual. Continúa o Sr. Galego Feal dicindo que quere facer un rogo especial para o Sr. Alcalde tocante á N-VI, que eles están de acordo coas obras que se anunciaron na prensa e que se lles dixo que se ían executar para dar acceso ás parroquias de Barallobre e de Magalofes, pero son unhas obras que van conlevar como mínimo da orde de dous ou tres anos a súa execución, e rogarían se é posible se fixese un cambio de impresións co xefe de demarcación de estradas do estado na Coruña para estudar a posibilidade de suprimir o carril de aceleración de Ferrol a Betanzos e nesa zona establecer unhas illetas con sinalización horizontal para dar acceso ás parroquias de Magalofes e de Barallobre; que se non é viable a de Magalofes que nestes momentos se de á de Barallobre que é a que mais perigo ten, porque cren que é unha solución temporal para cubrir ese prazo de tres anos que pode haber ata que se leven a cabo as obras, que van sacar moitos accidentes e que non ten un custo económico moi importante. Di que outro rogo é polo tema que saía hoxe na prensa de que na parroquia de Barallobre se van continuar as beirarrúas ata a zona do cemiterio, que lles parece perfecto e por iso queren dicir de antemán que eles non están falando nada das beirarrúas de Barallobre porque non se lles vaia acusar despois de pedir que se lles saquen a uns para poñer a outros, pero simplemente o rogo ao grupo de goberno é que lembre que Magalofes é a única parroquia que non ten beirarrúas. Por outro lado roga que na medida do posible e cando sexa posible se dote de medios ás oficinas de todos os grupos municipais.

O Sr. Alcalde Presidente intervén e manifesta que, para contestar o rogo que lle fixo directamente á Alcaldía polo tema do cruce da N-651, a verdade é que está tremendamente satisfeito de que unha vella reivindicación que tiñan tódolos grupos políticos, e cre que todos os veciños de Fene, relativa a ese cruce se poida facer realidade; que o compromiso do presidente da Deputación e do Deputado é inequívoco, se asume absolutamente a obra porque ademais se encargaron de que no coche oficial xirase de Magalofes a Pontedeume e de Barallobre a Pontedeume tamén e que comprobase a perigosidade do propio cruce, polo tampo, parabéns porque a obra finalmente se poida executar e se poida asumir; que evidentemente desde que se asume a obra non se instala automaticamente o desvío do cruce, é unha obra que ten unha certa complexidade porque supón desvia-la estrada cando un ven de Barallobre, desde os hexágonos ata o polígono de Vilar do Colo na zona da gasoleira e cando ven de Magalofes por detrás de Teimper ata a rotonda que estase a facer que conecta coa estrada das Pontes; que evidentemente é unha obra que vai ter os seus prazos. Di que con respecto a iso, o compromiso que hai coa Deputación Provincial é que o Concello se encargue da elaboración dese proxecto e a Deputación costear a disposición dos terreos e a execución da obra; que a reunión co Deputado provincial foi o martes e o mércores xe puxeron en contacto coa oficina técnica para dar os pasos para encargar o proxecto para que iso se poida facer canto antes, pero levará un tempo. Continúa o Sr. Alcalde dicindo que en todo caso, a solución que propón o Sr. Galego de anulación do carril nesa zona para facer carrís de incorporación cre que é algo que xa se plantexara no Concello noutras ocasións, que o propio goberno de Fene plantexou durante este tempo e se lle plantexou ao Deputación e que o outro día e se consultou con Fomento e Formento non é partidario desa solución porque entende que previsiblemente podería acabar provocando máis accidentes que a propia perigosidade que ten o cruce neste momento porque está nunha curva, os coches subirían polo carril de aceleración e poderían levarse por diante o coche que estivera parado esperando para atravesar; que en todo caso a única solución sería anular completamente o carril de aceleración pero tampouco parece recomendable posto que

desde Fene ata Pontedeume non hai ningún sitio onde se poida adiantar si se anula ese carril, porque agora mesmo desde Laraxe ata Pontedeume xa non hai zonas de adiantamento, polo tanto a solución en principio non parece recomendable; di que cre que o que toca a todos é adiantar e axilizar ao máximo posible as obras para que o cruce se faga canto antes; que en todo caso ,se esta solución é viable o goberno de Fene a comparte absolutamente e se estudiará. Continúa dicindo que ,con respecto ás beirarrúas, aclarar que non son ata o cemiterio,; que desde o instituto ata a Loira vanse facer beirarrúas nas dúas marxes da estrada e desde a Loira ata precisamente o cruce de Rego da Moa, sendas peonís polas dúas bandas da estrada, e tamén con respecto ao que se apuntaba de Magalofes, transmitir que na xuntanza có Deputado provincial primeiramente a prioridade entendían que era neste tramo polo número de casas que hai habitadas nesa zona, polo acceso ao cemiterio municipal, aos institutos, á igrexa parroquias, etc., pero tamén se lle transmitiu que era necesario ademáis completar o tramo da estrada da Palma con Rego da Moa, continuala hacia Magalofes; que de feito o Deputado visitou Magalofes e a estrada para ver como estaba e en vindeiras actuacións poder executar alí e tamén na estrada da Armada o treito que hai entre Limodre e Maniños que tamén é moi perigoso e moi sinuoso e fanlle falta unhas beirarrúas ou unhas sendas peonís, que están contempladas e cre que deberían ser unha das maiores prioridades á hora de construír beirarrúas e sendas peonís.

Acto seguido, o Sr. Rodríguez Carballeira pide o uso da palabra e unha vez concedido manifesta que o tema referido á falta dos carteis das obras, é evidente que as licenzas levan implícito a obrigatoriedade de poñer o cartel por parte do promotor da obra, e que se é así evidentemente non están cumprindo coas condicións das licenzas e por tanto van inspeccionar esas obras para recordar aos promotores esta obriga.

A continuación pido o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen unha vez concedido manifesta que quere facer os seguintes rogos e preguntas:

- 1.- Qué hai queixas sobre o recheo do campo dos eucaliptos no camiño de Maroño, que se seguen a botar escombros.
- 2.- Se falou de que se ía empezar cos orzamentos e necesitan saber e coñecer o estado de execución do mesmo.
- 3.- Sobre as obras do ascensor da Casa Consistorial, queren saber como están, xa que hai persoas maiores e minusválidos que estanse atopando con moitas dificultades.
- 4.- En canto ás ordenanzas do ano pasado, quedaron dúas e non se tocaron: auga e alcantarillado e quere saber en qué situación se atopan coa auga con Ferrol, a subida, da reunión con Aquagest, etc.
- 5.- Sobre o teléfono de voluminosos indica que un veciño lle comentou que chamou 4 ou 5 veces e estaba comunicando.

O Sr. Alcalde-Presidente intervén e manifesta que ,en canto ao prezo da auga de Ferrol, saben que EMAFESA ten a intención de subir considerablemente o prezo da auga; que o goberno de Fene considera que é inxustificada, e estiveron no Concello e se iniciaron contactos con Ferrol de cara ao prezo que se lle vai a cobrar a partir do vindeiro ano e que terán unha reunión co Alcalde de Ferrol para tratar este tema.

Seguidamente pide o uso da palabra o sr. Rogdriguez Carballeira e manifesta que ,en canto ao tema do recheo, hai unha denuncia veciñal desde hai tempo, que esa persoa tiña unha licenza pero verteu máis e se lle paralizou; que se segue a verter, mañá faráse unha visita de inspección e se adoptarán as medidas oportunas.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. José Antonio López Rodríguez e manifesta que, en canto ao tema das obras do ascensor que están paradas, hai un problema co sistema de apertura da porta.

De seguido pide o uso da palabra o sr. Manuel López Rodríguez e manifesta que a contabilidade en canto a pagos está ao día e xa se está rematando os ingresos e que a partires de que esté lista se lles facilitarán os datos.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Roca Requeijo e manifesta que, en relación ao teléfono de voluminosos, non hai ningún tipo de problema, que eles non teñen ningunha queixal.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás dezanove horas e corenta e oito minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo elo a presente acta, do que eu, secretaria , dou fe.

Vº e praxe,
O Alcalde-presidente

Asdo. José Iván Puentes Rivera.